

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. VIRXE DA PENA DE SELA
CURSO: 4º
MATERIA: Educación Física.
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Actividades de repaso, reforzo e recuperación.	
B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
Nova Materia	
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global e continua, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunta das áreas.</p> <p>A avaliación dos contidos traballados durante o terceiro trimestre realizarase a través das tarefas enviadas ao alumnado por distintos medios, prestando especial atención ao esforzo e participación nas actividades plantexados.</p>
	<p>Instrumentos: Análise das actividades enviadas a través de imaxes, vídeos por distintos medios.</p> <p>Observación e valoración da participación e traballo desenvolvido.</p>
Cualificación final	<p>Para a obtención da cualificación final da terceira avaliación teranse en conta as cualificacións acadadas na primeira e segunda avaliacións, tendo a posibilidade de mellorar esas cualificacións co traballo e esforzo realizado ao longo do trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades do terceiro trimestre compóñense de distintas rutinas de actividade física, traballo de investigación sobre os xogos e deportes tradicionais de Galicia; e presentaremos retos físicos relacionados con distintas destrezas, adaptación a ritmos...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o noso alumnado conta con conectividade a Internet, e será a nosa principal vía de comunicación. Entregaremos distintas rutinas de actividade física e distintos retos que intentarán superar. O alumnado entregará vídeos ou fotos do traballo realizado ou dos retos superados.
Materiais e recursos	Para o desenvolvemento deste trimestre utilizaremos a plataforma EDMODO para achegar as tarefas ao alumnado e comunicarnos con el. Tamén utilizaremos sistemas de comunicación por mensaxes coma whatsapp, email... A maior parte das tarefas enviaranas en formato vídeo.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través dos blogs do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.